



GRECIA Y ROMA

most difficult to acquire.



**El Clasicismo**

...the day... functional... source. Of all the... as well as the

# CONTEXTO SOCIAL DO S.XVIII

Sitúase no século XVIII e durou aproximadamente 60 anos. A separación das clases sociais foi unha característica importante. A corte posuía unha monarquía absoluta. Os músicos eran considerados criados, e co mecenazgo da burguesía tiñan unha maior liberdade á hora de compoñer.

No Clasicismo, os artistas imitaban os cánones estéticos das civilizacións gregas e románicas clásicas. Foi unha época corta de transición entre a música barroca e as novas tendencias do século XIX.

A cultura desta época influíu nas ideas e artes do momento. En Francia aparece a Ilustración. Apareceu a francmasonería, que foi unha sociedade secreta perseguida pola Igrexa, e que atraeu a moitos artistas e intelectuais.




# CONTEXTO MUSICAL DO S.XVIII

O clasicismo musical (1750-1820 aproximadamente). Chamámoslle música clásica a todos os períodos da música culta europea, mais as primeiras composicións que realmente podemos chamar clásicas pertencen a este período.

Non se trata do redescubrimento e copia dos clásicos do arte greco romano, xa que os poucos restos da música e tratados teóricos gregos non eran suficientes como para coñecer como era realmente a música desa época.

A música do clasicismo evoluciona ata tal extremo , que busca o equilibrio entre a armonía e a melodía.



# CONTEXTO MUSICAL DO S.XVIII

## Características:

As formas máis usadas son a Sonata, Sinfonía, Concerto solista, Cuarteto...

En canto á melodía posuía claridade, e frases nítidas e regulares que se abren e cerran con repousos.


O estilo é homofónico. Acompáñase a unha melodía e usase pouco o contrapunto.

A armonía non é cromática e as disonancias resólvense.

Ten un ritmo sencillo, regular, con silencios intercalados, e con descansos entre temas e melodías.

En canto á dinámica é tranquila, sen bruscos crescendos ou diminuendos.

A música instrumental é mais importante cá vocal. Como a extensión dos instrumentos é reducida, evitan rexistros extremos e empézase a desenvolver o piano. Ademais, aparecen os concertos públicos.





A Escola de Viena é unha corrente estilística da música clásica europea. Esta cidade foi o centro do clasicismo europeo. Este término creouse exclusivamente debido a creación da Segunda Escola de Viena, e aunque os compositores da primeira se chegaran a conocer nalgún momento das súas vidas, non quere decir que estiveran asociados nun esforzo colaborativo como o estiveron “El Grupo de los Seis” en Francia.

Os tres compositores máis importantes do Clasicismo musical son  
**Haydn, Mozart e Beethoven.**



# FRANZ JOSEPH HAYDN



Naceu en Austria (1732-1809). Foi neno cantor na catedral de San Esteban de Viena, e foi autodidacta no que a composición se refire. Entrou ao servizo dun príncipe húngaro, e estivo ao seu servizo toda a súa vida, conseguindo así estabilidade para dedicarse plenamente á música. No palacio contaba cunha orquesta de 25 músicos e 12 cantantes, o que fixo que puidera facer todo tipo de experimentos musicais, perfeccionando así a forma sonata. Escribiu 104 sinfonías, nas que algunha delas usa un sobrenome (Militar, Oxford...), máis de 70 cuartetos e aberturas, concertos, divertimentos, serenatas, tríos para viola dei bordone (que era o instrumento que tocaba o príncipe para o que traballaba), 47 sonatas para piano, 26 óperas, 4 oratorios, misas, cantatas, cancións, arias...

<https://www.youtube.com/watch?v=XgbdqXGr1DQ>

# WOLFGANG AMADEUS MOZART



(1756 en Salzburgo (Austria)-1791). Foi un neno prodixio, de personalidade rebelde e dentro dunha sociedade na que os músicos só podían sobrevivir ao servizo dun patrón. En 1782 decide deixar de traballar para o arcebispo da súa cidade natal para tratar de vivir grazas á súa obra e a concertos. Pero o público pagaba polo que quería escoitar, polo que a obra deste compositor non foi valorada, agás algúns éxitos, e morreu aos 35 anos na miseria. Une o contrapuntístico alemán ca expresividade italiana nas súas obras, e engádelle unha forza emocional, riqueza harmónica e expresión melódica. Isto apréciase sobre todo nas súas últimas obras, que apuntan cara a unha nova etapa. A pesar de morrer aos 35 anos, escribiu máis de 750 obras. As súas continuas viaxes fixeron que optara por un estilo onde o melódico italiano se mesture ca elegancia francesa e ca austeridade do sinfonismo xermano. Dentro da súa obra instrumental debemos destacar as sonatas para piano e para violín e piano, os seus 25 concertos para piano e orquestra, 13 concertos para violín e orquestra e 12 para outros instrumentos. Tamén escribiu trios e cuartetos para música de cámara, e compuxo en total 41 sinfonías de corte refinado e aristocrático.

[https://www.youtube.com/watch?v=GH-KEDG-tbM&list=PLxVexRqKs\\_pSxfleQXQ6RHLshYjBuDBBu](https://www.youtube.com/watch?v=GH-KEDG-tbM&list=PLxVexRqKs_pSxfleQXQ6RHLshYjBuDBBu)



# LUDWIG VAN BEETHOVEN



(1770-1827). É quen nos introduce no Romanticismo. A diferenza dos demais, non escribiu música para compracer a un patrón rico, senón que loitou para poder compoñer libremente o que el desexase. Habitualmente dividiuse a súa vida e obra en tres períodos:

- 1.- Influencia de Mozart e de Haydn, de quen recibiu algunhas leccións en Viena. Nesta primeira etapa Beethoven sentiría os primeiros síntomas da súa xordeira, o que lle produciu unha profunda crise persoal que superaría refuxiándose na música.

- 2.- Afástase cada vez máis do Clasicismo con construcións grandiosas e cheas de sentimentos.

- 3.- Illamento do mundo por mor da xordeira. Refúxiase por completo na súa imaxinación, compoñendo así as súas obras máis importantes, persoais e avanzadas musicalmente. A súa linguaxe é plenamente romántica na forma e na expresión.

O dramatismo e contrastes emocionais son trazos esenciais do seu estilo. As súas obras conteñen unha enerxía poderosa con contrastes tímbricos e dinámicos. Pero tamén existe unha linguaxe melódica, cheo de sentimento, que reflicte especialmente nos seus movementos lentos.

<https://www.youtube.com/watch?v=4IRMYuE1hI>


## LA SEGUNDA ESCUELA DE VIENA



Alban Berg (1885-1935)



Anton Webern (1883-1945)



A Segunda Escola de Viena foi un grupo de compositores da metade do século XX liderados por Arnold Schönberg e os seus alumnos de Viena. Foron os primeiros en usar a atonalidade na música occidental. Os seus principais membros ademais de Schönberg, foron Alban Berg e Anton Webern.